



Comunicado da xunta directiva de AGAMFeC sobre a situación da Atención Primaria Galega

Ante a situación de progresivo deterioro e precariedade da Atención Primaria (AP) galega e as medidas preocupantes e, mesmo posiblemente ilegais, que veñen de tomar os nosos directivos, como é contratar médicos en formación para suplir deficiencias de plantilla, a xunta directiva da nosa sociedade quere facer as seguintes consideracións:

- A situación de deterioro témola denunciado e comentado á consellería dende hai anos nos congresos e outras entrevistas ou contactos que temos feito. A falta de atención as nosas sinais de alarma derivou na situación insostible actual. A situación de cara ó futuro aínda será máis complicada pola falta de política de apoio á formación médica.
- A nosa sociedade, xunto coas demais sociedades de primaria e os colexios médicos, fixemos propostas durante anos para tentar de solucionar a situación, mais a consellería non só non levou a cabo nada do aconsellado, perdéndose un tempo do que agora carecemos, senón que mesmo chegou a desconsideración cos médicos de familia.
- Temos que repetir alto e claro o evidente: **o gran problema da AP é a falta de financiamento**. (Que inclúe persoal, infraestructuras, falta de mantemento, proxectos, funxibles,...) A pesar de repetilo, a nosa administración sempre negou esa evidencia (é un mantra, dicía o conselleiro). Tivo que acudir unha catedrática de economía da saúde á comisión parlamentaria para poñelo de novo sobre a mesa: A porcentaxe de gasto da AP en España é un paupérrimo 14% (cando os expertos defenden un 25%) e en Galicia estamos 2 puntos por debaixo: un 12%, e o peor é que, nestes anos da crise, aumentou o gasto hospitalario e diminuíu un 2% o de primaria.
- O que si ven sendo unha mentira repetida é a “falta de médicos”. ¿Como explican os nosos directivos que cando se convoca unha OPE para 200 prazas veñan 800 candidatos? O que queremos os médicos, como todo o mundo civilizado, son contratos dignos e estables. Non, como dicía a economista, seguir coa política de

menos gasto pero máis contratos. Iso só significa precariedade e contratos-basura.

- A precariedade na AP foi moitas veces resolta por unha das características propias do noso nivel asistencial: a lonxitudinalidade. Podíamos atender sen medios óptimos os nosos doentes suplindo a precariedade polo coñecemento da súa biografía e historia clínica. A nefasta política de recursos humanos das nosas EOXIS (sempre preocupadas polos graves problemas hospitalarios) acabou por crear “a tormenta perfecta” na que estamos metidos e algúns seguen mirando a ver se escampa...
- Resulta desmoralizante escoitar ós nosos directivos as propostas para solucionar o colapso da AP. Pensan que todo se arranxa cun simple cambio nas axendas. A evolución da poboación, a cronicidade e o envellecemento ten que facer ver que non podemos seguir co discurso de 1500 doentes por médico. Isto é unha visión simplista. O que debemos é estudar a carga de morbilidade e poñelos recurso en función desta. ¿Para que, senón, temos a información/estratificación en IANUS? ¿Ou é para controlar a prescripción sen mais?
- Na situación actual de falta de cobertura de vacantes e ausencias fai, ademais, que estes datos sexan falsos: se no meu centro faltan permanentemente 3 compañeiros, a miña cota non é de 1500, senón de 2000, moitos meses ó ano.
- A lamentable situación dos PAC e da pediatría son unha mostra máis da inercia e a falta de planificación da organización sanitaria. Non é difícil de ver, coñecendo o mundo sanitario, a imposibilidade de manter os dispositivos, tal como se concebiron, nun futuro inmediato.

Estamos dispostos a colaborar sempre e cando haxa un compromiso explícito e asinado dun aumento da financiación da primaria. Estamos fartos de escoitar medidas e ocorrencias sen apoio presupuestario. Nos hospitais cando se fan programas de calquera tipo, sempre se acompaña de recursos humanos e económicos. Somos médicos de primaria, no de segunda e defendemos *que non somos a porta do sistema. SOMOS O SISTEMA SANITARIO*. Se non se comprende o noso papel central e garante da sostenibilidade, seguiremos cavando a fosa do sistema. ***Non estamos en tempos de comisións, estamos en tempo de decisións.*** Esperamos, que o tempo se esgota.

Para máis información:

<https://www.agamfec.com/contacte-con-agamfec/>